



ASINADO POR

Secretaría do Tribunal
Ana Sanmartín Ramos
11/05/2026



NIF: P1503100H

SECRETARIA XERAL

Expediente 1718344P



SELO

Publicado en taboleiro de anuncios electrónico
11/05/2026

ANUNCIO Nº3 DO TRIBUNAL PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS PARA O POSTO DE TÉCNICO/A AUXILIAR DE INFORMÁTICA.

SEGUNDO EJERCICIO. PROBA DE GALEGO

O Tribunal do proceso selectivo de referencia, na sesión de data 08.05.2026 acordou por unanimidade o seguinte:

"- Convocar ós aspirantes que, unha vez aprobado o primeiro exercicio (exame tipo test) non tiveran acreditado o coñecemento da lingua galega (CELGA 4 ou equivalente) para a realización da proba de galego na data, hora e lugar que se indican a continuación:

Día: 15 de maio de 2026

Hora: 10.00

Lugar: Salón de Plenos do Concello de Culleredo, sito na rúa do Concello, 12 – (15189- Tarrío- Culleredo)

Dita proba será eliminatória e será cualificada de apta ou non apta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PROBA DE GALEGO

Os criterios de avaliación e corrección do segundo exercicio da proba de galego serán os seguintes:

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de coñecemento da lingua galega consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro do galego ao castelán. Os criterios seguidos para avaliar a proba escrita son os seguintes:

– Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA AMNV 7C23 JVK2 WUDR

Anuncio nº3 Tribunal técnico-a auxiliar informática (data 2º exercicio) - SEFYCU 6826236

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 1 de 2



ASINADO POR

Secretaría do Tribunal
Ana Sanmartín Ramos
11/05/2026



NIF: P1503100H

SECRETARIA XERAL

Expediente 1718344P



SELO

Publicado en taboleiro de anuncios electrónico
11/05/2026

- Avaliarase a **COHESIÓN** e a **COHERENCIA**, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.
- Avaliarase a **GRAMÁTICA**, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.
- Avaliarase o **LÉXICO**, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A secretaria da Comisión de Avaliación
Ana Sanmartín Ramos



CONCELLO DE CULLEREDO

Código Seguro de Verificación: L2CA AMNV 7C23 JVK2 WUDR

Anuncio nº3 Tribunal técnico-a auxiliar informática (data 2º exercicio) - SEFYCU 6826236

A comprobación da autenticidade deste documento e outra información está dispoñible en <https://sede.culleredo.es/>

Páx. 2 de 2